



Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

2018 → 2019

---

**XOVES 20**  
**DECEMBRO 2018**  
**20.30 h**  
**Auditorio de Galicia**

**Concerto de Nadal**

**Francesc Prat** Director



---

# PROGRAMA

---

## I

### **JEAN-PHILIPPE RAMEAU (1683-1764)** (34')

As indias galantes (selección)

*Abertura*

*Menuets I-II (Prólogo)*

*Tamborís I-II (O turco xeneroso)*

*Aire dos incas pola devoción do Sol (Os incas do Perú)*

*Primeiro aire para Zephire (As flores)*

*Danza da gran pipa da paz executada polos salvaxes e chacona (Os salvaxes)*

### **CLAUDE DEBUSSY (1862-1918)** (13')

Pequena suite

*En barco*

*Procesión*

*Menuet*

*Ballet*

## II

### **CHRISTOPH WILLIBALD GLUCK (1714-1787)** (6')

Chacona do ballet de Armide

### **FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)** (27')

Sinfonía núm. 82 en Do maior "O oso"

(Primeira das Sinfonías de París)

*Vivace assai*

*Allegretto*

*Menuetto*

*Vivace*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 35 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

### VIOLÍNS I

Andoni Mercero  
(concertino)  
Anca Smeu  
(axuda de concertino)  
Victoria Jurov \*\*  
Yulia Petrushevskaya  
Ildikó Oltai  
Michal Ryczel  
Anna Alexandrova  
Claudio Guridi

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Helena Sengelaw \*\*  
Samira Ajkic  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia  
Elna Viksne  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Oxana Bakulina \*\*  
Timur Sadykov  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Thomas Piel \*\*  
Carlos García

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Marán \*\*  
Oriol Xicart

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

### TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

### TIMBAL

José Vicente Faus \*

### PERCUSIÓN

Marta Prado (R)  
Marta Rodríguez (R)  
M<sup>o</sup> Isabel Diego (R)

### ARPA

Alba Barreiro (R)

### CLAVE

Javier Núñez (R)

---

# FRANCESC PRAT

## Director

Como director de orquestra e compositor, achégase á música con mentalidade aberta. Reparte o seu tempo entre o repertorio sinfónico, a ópera e a creación contemporánea, pola que sente unha especial afinidade. Este interese situouno na escena da música actual, en particular en Suíza e España; dirixindo proxectos en eventos tan diversos como o Festival de Lucerna, ArtBasel, Berlinale ou o Festival Sónar de Barcelona.

No campo operístico, na actualidade é asistente do director inglés Ivor Bolton no Teatro Real de Madrid, onde debutou en 2016 dirixindo unha función de *A prohibición de amar* de Wagner. Tamén ten traballado no Teatro de Basilea, Ópera Nacional Holandesa, Neuköllner Opera Berlin, Teatro de la Zarzuela e Teatre Lliure de Barcelona. Entre 2012 e 2015 foi asistente de Josep Pons no Gran Teatre del Liceu de Barcelona, onde xa asistira a Sebastian Weigle con anterioridade. O seu repertorio operístico inclúe diversos nomes da escena contemporánea (Haas, Sciarrino, Moser, Oehring, Barret ou Saariaho), así como outros do repertorio clásico (Nebra, Gluck, Mozart, Beethoven, Berlioz, Verdi, Rimsky-Korsakov ou Britten).

Mantén unha colaboración habitual con moitas das orquestras coas que traballa. Dirixiu, entre outras, a Orquestra Sinfónica de Basilea, Basilea Sinfonietta, Orquestra de Cámara dos Países Baixos, Sinfónica da RTV de Eslovenia, Sinfónica de Barcelona, da Comunidade de Madrid, Sinfónica de Madrid, Sinfónica de les Illes Balears e Orquestra de Cambra de l'illa de Menorca ou o Ensemble Ö!. Ten proxectos con moitas delas na temporada actual. Ademais de debutar á fronte da Real Filharmonía de Galicia, debutará coa Orquesta de Extremadura e Orquestra Nacional de Cambra d'Andorra.

Como compositor, o seu catálogo inclúe principalmente música de cámara e obras para ensemble, que teñen sido premiadas en Suíza, Alemaña, Italia e Austria. En 2012 estreou a súa primeira ópera en Basilea.

Iniciou a súa formación musical na Escolanía de Montserrat. Proseguiu os seus estudos de óboe, piano e teoría no Conservatori Superior de Música de Barcelona. Con posterioridade graduouse en óboe na Escola de Música de Lucerna, de composición na Escola de Música de Basilea e en dirección na Escola Superior de Artes de Zúric.

---

### Jean-Philippe Rameau (1683 - 1764)

Rameau recibe do seu pai, organista de Dijon, a única educación musical coñecida. Tras unha breve estancia en Italia e un traballo como organista en Clermont-Ferrand, viaxa a París, publicando o seu primeiro libro de pezas para clave aos vintetrés anos. Despois de suceder ao su pai en Dijon e ocupar o posto en Lyon, volta a Clermont-Ferrand, onde escribe o *Tratado da Harmonía*. Regresa a París en 1723 sendo recoñecido como teórico e filósofo aínda que ignorado como compositor. Será con 50 anos cando se dedique por enteiro á composición de óperas que o achegan ao público parisiño pero que tamén lle reportan detractores polas súas innovacións. A exitosa *Les Indes galantes* (1735) está inspirada en *A Europa galante* de Houdar e Campra e na moda do exotismo presente en *O Burgués xentilhombre* de Molière e Lully. A ópera-ballet componse dun prólogo e inicialmente de tres 'entradas' (*Le Turc généreux*, *Les Incas du Pérou* e *Les Fleurs*). En 1736, aparece unha cuarta, *Les Sauvages*, cuxa acción (tras Turquía, Perú e Persia) ten lugar na Amazonia. O prólogo inclúe brillantes arias e organiza un fermoso reto coreográfico entre a diosa da guerra, Belona e o Amor. Inspirada nun feito real, *Le Turc généreux* inclúe unha tempestade e un divertimento de ecos provençais. *Les Incas du Pérou*, a entrada máis trágica, presenta ao sumo sacerdote Huascar que dirixe a festa do Sol a ritmo das súas invocacións e gavotas cantadas. *Entrée des Fleurs*, máis ornamental, amosa un espléndido cuarteto e un ballet figurado. A máis moderna é *Les Sauvages* que prescinde case por completo dos recitais, encadea arias de diverso carácter e conclúe coa expresiva *Danse du calumet de la paix*, unha arieta pirotécnica e unha chacona que mestura o fragor de trompetas e timbais coa sensualidade de madeiras e cordas e que mostra o seu inxenio temático e a innovadora orquestración.

### Claude Debussy (1862 - 1918)

Son catro as pezas da *Pequena Suite*. Debussy imaxinou un barco navegando lentamente nunha tarde de verán, na primeira, un cortexo elegante e algarabeiro na segunda, unha danza executada case con apoucamento, e remata con algo parecido a unha alporizada escena de ballet. Esta *Pequena Suite* (1889) é a segunda das tres que Debussy escribiu para piano a catro mans e que orquestrada por Henri Büsser en 1907, mantén a tradición francesa con claras harmonías, acentos leves e ritmos danzables. Debussy regresou a París

---

en 1887 relacionándose con poetas e pintores, seguramente por iso os dous primeiros movementos están influenciados pola poesía de Paul Verlaine precursor do simbolismo quen recrea unha antigüidade imaxinada nas *Fêtes galantes*. Sobre un texto erótico cuxa escena está ambientada nun bote que flota sobre un auga iluminada pola lúa xorde *En Bateau* (En barco), barcarola que evoca o rítmico oleaxe, máis intenso ao paso dunha embarcación; un son que remite máis a Fauré que ao posterior Debussy. No ambiente dunha polonesa está o *Cortège* (Cortexo), poema de Verlaine sobre un mono vestido cunha camiseta bordada e un criado negro con traxe vermello ao servizo dunha altiva muller; a música enérxica e insubstancial representa o aspecto cómico da comitiva á que dan paso frutas e triángulo. Lentamente amplíase á orquestra e as cordas alternan pregunta e resposta coas frutas. O final é un brillante Minué, unha sonoridade arcaica de madeiras fai a introdución da danza antiga. O tema dos violoncellos insinúa un aire español marcando as diferencias cun minueto francés ou vienés. O *Ballet* final é dunha frescura inusual e presenta un elegante vals francés na sección central con ecos dos grandes ballets de Leo Delibes e Chabrier.

### Christoph Willibald Gluck (1714 - 1787)

A reforma do xénero operístico impulsada por Gluck, precursora do Richard Wagner dun século despois, outórgalle un lugar destacado na historia da música. Froito das leccións de composición recibidas de G. B. Sammartini escribiu *Artaxerxes*, a súa primeira ópera seria no estilo italiano imperante. Outras como *Il Tigrane* ou *La Cinesi* adaptáronse plenamente ás convencións formais da época e non evolucionou ata o coñecemento da ópera francesa, a *tragédie-lyrique* de Lully e Rameau. Precisamente para *Armide* (1777), ópera en cinco actos, Gluck utiliza o mesmo libreto de Philippe Quinault que Lully e conxuga os tres elementos esenciais da tradición francesa: canto, recitativo e ballet. Baseada no poema épico de Torquato Tasso, *Jerusalén liberada*, representa a Armida decidida a enfeitizar a Renaud, o seu inimigo, quen se libra de ser capturado e libera aos compañeiros cabaleiros cruzados. Ao deixar a Renaud indefenso, Armida namórase del, provocando unha loita épica con ela mesma, polos seus encontrados sentimentos de amor e odio, e os espíritos convocados para destruír ao cabaleiro. A peza rompeu moldes utilizando a música orquestral e vogal para crear unha atmosfera e describir o

---

estado psicolóxico dos personaxes. Así hai escenas de ballet non motivadas de modo convincente, non como danzas ornamentais senón para ilustrar con música unha situación íntima e delicada. No acto V, Renaud suspira para que Armida non o abandone e esta pretende entretelo cunha chaconna de importantes dimensións -a pasaxe máis coñecida da ópera-, ademais de intervencións dos solistas mesturados con coros, un minueto, unha siciliana da fruta sobre as cordas en pizzicato pero Renaud, melancólico, fai que o entretemento remate.

Franz Joseph Haydn (1732 - 1809)

O prolífico e gradualmente sobresaínte Haydn escribiu as súas seis 'Sinfonías de París' para as reunións que nos Concerts da Loge Olympique da Cidade da Luz congregaban á alta sociedade, alí acudían María Antonieta e representates da corte de Versalles. A plantilla orquestral, maior que a da casa Esterhazy e incluso da que dispoñía en Londres, seguramente condicionou a concepción da textura e a fondura dalgunhas pasaxes mantendo a sinxeleza e a elegancia do clasicismo pero distanciándose do dramatismo do 'Sturm and drang' de finais do XVIII ao que se achegaba nas Sinfonías londinienses. A Sinfonía núm. 82 (1786) iníciase cun *Vivace assai* que alterna o ambiente festivo e extrovertido da apertura cun segundo tema máis reflexivo e refinado a través dunha delicada textura de *pizzicati* da corda con fruta e óboes. O segundo movemento é un tema con variacións sobre unha melodía tonalmente ambivalente. O nivel temático deste *Allegretto* recae no material utilizado para a súa composición e na instrumentación e orquestración evocando a idea de rondó. O *Menuetto* é festivo e delicado melódicamente e aínda que de estrutura moi clásica explora novas posibilidades. O manifesto sentido do humor de Haydn que aparece no uso das cordas graves, imitado despois polos violíns no *Finale*, é o causante do sobrenome 'O oso'. Eses elementos crean disonancias bastante chamativas e novidosas coa melodía das cordas agudas lembrando en ocasións unha suxerencia sonora da gaita.

---

**Venres 4 de xaneiro**

**20,30 h**

**Concerto de Reis**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

J. Jr. Strauss

*Abertura O morcego*

*Salve Hungría!, op.332*

*Polca do cuco, op. 336*

*Vida de artista, op. 316*

*Tronos e lóstregos, op. 324*

*Voces de primavera, op. 410*

J. Jr. Strauss/Josef Strauss

*Polca Pizzicato*

J. Jr. Strauss

*Polca do tren, op. 281*

*Polca do Champagne, op. 211*

*Polca Tritsch Tratsch, op. 214*

*O Danubio azul, op. 314*

J. Sr. Strauss

*Marcha Radetsky, op. 228*

Teatro Principal

Concerto fóra de abono

---

**Xoves 17 de xaneiro**

**20,00 h**

**Os camiños de Castelao**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Grigori Nedobora, violín

E. W. Korngold, *Much Ado About Nothing, op. 11*  
(suite)

M. Quiroga (orq. Paul Daniel), *Alborada / Danza argentina / Emigrantes celtas / Himno*

D. Milhaud, *Le creation du monde, op. 81*

I. Stravinsky, *Suite Pulcinella (rev 1949)*

A. Piazzolla, *Libertango*

Cidade da Cultura. Santiago

Concerto fóra de abono

---



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

**OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia  
@CCultura